

Nome e apelidos _____

Nivel e curso _____

FICHA 5 – Acentuación e elaboración textual

1. Acentúa as seguintes oracións.

1. Na rua onde vivía miña tía había un baul que so se vía de día, aínda que de noite saía a lua e o iluminaba.
2. Colleu a agulla, pinchou o dedo, botou sangue e pediu auxilio. Tomei unha gasa e non me serviu, collín unha toalla e puxenlla.
3. Dixo el que hoxe a tarde é o mellor día para ir aos cogomelos e as castañas.
4. No tempo dos apóstolos había uns homes moi bárbaros que subían as árbores e comían os pexegos.
5. A avoa colleu o fío e pediu a agulla para ir coser ao seu cuarto.
6. Helena toca a harmónica na horta mentres Henrique varre coa vasoira.
7. O exterior esquerdo do Marín é estranxeiro, mais xoga máis e mellor que os de aquí.
8. Nós somos así; aínda que nos ofrecían algúns cartos, negámonos a saír pola televisión.
9. Xa nunca pensei en Elías, el non é o rei do xogo. Todos os anos o botan dos equipos nos que xoga.
10. Non esaxero se digo que é estraño ser bilingüe aquí, aínda que hai algúns que o son.
11. O avogado recibiu o acusado na rua e colleu un taxi vermello.
12. Aí había uns homes moi divertidos que partían ovos coas balas de pistola que atoparon nun oco da parede.
13. Para cumprir as nosas leis, traían os papeis traducidos a nosa lingua e así xa nunca entraban no cárcere.
14. Vos vivistes nun país que trataba ben as mulleres. Alí nunca houbo discriminación sexual.
15. As catro da tarde, as dúas irmás decidiron ir a casa da avoa levarlle a tarta que compraran.
16. Compre falar co teu curmán Brais para convencelo de que compre aquel boneco e llo dea a Laura.
17. Dalle as grazas a esa amiga da túa nai; porque se non llas das, vouche tirar das orellas.
18. Ten do de min e máis do teu amigo, que non quixemos ofenderte.
19. Estou convencido de que é difícil aprendelo e aínda máis lembralo despois, mais farei un esforzo por intentalo.
20. Como lle fagas o nó a gravata tan apertado, non poderás abotoar a camisa no pescozo.
21. Nós sabemos que nos bosques hai moitos animais descoñecidos, mais nunca nos levaron a eles para que os puidesemos ver no seu habitat.
22. Sabedes o que hai que facer para por un libro sobre aquela mesa? Entrar pola porta, pasar por todo o cuarto e procurar non topar coa cadeira que está ao lado dela.
23. Dime dunha vez se ves ao cine ou non ves. Eu penso que debes vir, non ves que se non, non terás outra oportunidade de ver esa película?
24. Mirade, o rapaz do que falamos ven entre todos aqueles que levan gafas porque non ven ben e el é o que menos ve.
25. Xa vos dixen que nunca o virades, agora que se vos insistides en que o coñecedes, será certo.

*Oracións tomadas de ogalego.eu

- 2. Inventa unha receita rica cos seguintes ingredientes: patacas, aceite de oliva virxe extra, cebola, carne de tenreira, pementos, mazás, leituga e allo. (Extensión toda a páxina)**